



VIANA DO BOLO

VIANA, MADRUGUEIRA TECELANA

Imaxinemos Viana e o seu arredor dende calquera dos vistosos miradores da vila. Os lombos dos montes descendem en podentes e abombadas costas, rachadas nas súas raíces polo fondo val do Bibei que, pé do Coto de Viana, se xunta co Camba. A xuntanza faise nun val xa un pouco madurecido, cuxas abas se adornan coas viñas en socalcos (...) florece a vila nun coto por igual agarimado polo sol, de boas vistas e un certo sentido de señorío da economía antiga e da beleza severa significada polas mestas carballeiras, as fartas devesas, os soutos...

Ramón Otero Pedrayo



TORRE DA HOMENAXE

Na Idade Media construíuse o castelo de Viana do Bolo. Del consérvase a Torre da homenaxe, de 32,7 metros de altura, levantada arredor do ano 800 para a defensa contra os árabes e destruída na defensa da vila. Foi reedificada en 1180 polo rei Fernando II.

IGREXA DE SANTA MARÍA

O templo loce unha severa torre de campás na súa fachada do s. XIX dunha cantaría excepcional, cunha cuberta en forma de pirámide. A arquitectura medieval orixinal, datable a finais do s. XII, consérvase unicamente nos muros Norte e Sur. Na ábsida conserva unha xanela de dobre arco de ferradura dividido por unha columna.



CONCELLO DE VIANA DO BOLO



PAZO DA PRAZA MAIOR



FORTE DO PILÓN



ANTIGA CASA DOS BUGALLAL



CASA REITORAL



ESCUDO PARTIDO



Todos os monumentos da vila contan con placas interpretativas accesibles en tres idiomas



CASA DO MIRADOIRO DA RIBEIRA




A VILA HISTÓRICA

Arredor do ano 800 construíuse un castelo arredor do que vai discorrer a vida de Viana, moi vinculada ás terras de Tras os Montes e Sanabria. O rei Fernando II reconstrúe a fortaleza en 1180, o que permite repoboar a vila, así como dotala de foros e goberno propio. Durante a Idade Media as terras de Viana estiveron baixo o señorío dos Condes de Lemos e de Pedro Enríquez. Todos estes cambios provocan continuos enfrontamentos que derivan na destrución da fortaleza, que será levantada de novo no s. XV despois das Guerras Irmandiñas.

No s. XVI o rei Felipe II converte a Viana en cabeza de marquesado en favor de Pedro Pimentel, fillo do Conde de Benavente, cuxas armas figuran aínda no escudo municipal.

En torno á praza Maior hai edificios barrocos con soportais, un frontón semicircular, pináculos, gárgolas e balconadas, xunto con galerías acristaladas e a fonte do pilón, monumento erguido en conmemoración do alzamento liberal liderado por Antonio Rodríguez Bordás que tivo lugar na vila en outubro de 1830, abortado coa execución na praza dos protagonistas da revolta.



A Cabeza de Manzaneda

0 50 100 m